

INTRODUCCIÓN

O obxectivo fundamental deste proxecto é favorecer a mellora dos procesos asociados á lectoescritura, independentemente da finalidade coa que sexan empregados (lecer ou aprendizaxe).

Como pode verse no epígrafe referente á lexislación vixente, é imposible non poñer en relación o bo funcionamento da biblioteca escolar e o fomento da lectoescritura, polo que neste proxecto aparecerán numerosas referencias a este centro de recursos.

Por outra banda, como se desprende non só da lóxica pedagóxica, senón tamén da lexislación vixente, **a lectura -e tamén a expresión escrita e oral- é responsabilidade de todo o colectivo docente**, e non en exclusiva do profesorado da área de linguas, polo que todo o profesorado debe colaborar dende o ámbito que lle é propio na mellora da lectoescritura, entendida sempre nun sentido amplo, como interpretación e elaboración de información en distintos formatos.

O centro -a dirección neste caso- garantirá o funcionamento da biblioteca co centro de recursos para o acceso á información, a lectura e a aprendizaxe, converténdose nun elemento dinamizador básico da actividade educativa e da vida cultural e promoverá actuacións

SITUACIÓN DE PARTIDA

A) MARCO LEGAL

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 38, refírese ao Proxecto Lector como un programa de promoción da lectura no que se integran actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, e tamén establece a obrigatoriedade de que as bibliotecas escolares estean ao servizo do devandito proxecto. No mesmo artigo especifica que "Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo un programa de centro de promoción da lectura" e establece que o Proxecto Lector "será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura, que se incluírán na programación xeral anual".

O mesmo decreto, no seu artigo 4, en relación cos elementos transversais, di literalmente: "A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa."

Con respecto ao currículo propiamente dito, o Decreto 86/2015, no seu artigo número 10, enumera entre os obxectivos da ESO:

- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

No artigo 11, que aborda os principios metodolóxicos do ensino secundario obrigatorio, di que:

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

En canto ao **Bacharelato**, o devandito decreto tamén fai referencia á importancia a aspectos relativos á lectoescritura, tanto nos obxectivos (artigo 26) como nos principios metodolóxicos (artigo 27). Cítanse os correspondentes epígrafes (d, e, f, g e n) e o punto 27.4 a continuación:

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

Artigo 27 4. A consellería con competencias en materia de educación promoverá as **medidas necesarias para que as habilidades de comprensión de lectura e de uso da información, a expresión escrita e a capacidade de se expresar correctamente en público se traballen polo profesorado en todas as materias.** O alumnado de bacharelato debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples.

Por outra parte, tal e como recollen as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e funcionamento das bibliotecas escolares que son remitidas aos centros educativos ao inicio de cada curso académico "os documentos organizativos do centro deberán facer referencia á existencia da biblioteca escolar, á súa organización e funcionamento. O Proxecto Educativo de Centro deberá integrar, así mesmo, o Proxecto Lector de Centro, que deberá atender ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, tratamento e produción de información, en apoio da adquisición das competencias clave." Este documento engade que para "un acertado desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, deberán elaborarse Plans Anuais de Lectura que recollerán entre outros aspectos, unhas liñas prioritarias de actuación para a biblioteca" e establece que, como mínimo as devanditas liñas prioritarias contemplan, como mínimo actuacións en relación coa organización e xestión, coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca, coa formación de usuarios e a adquisición de competencia informacional, co fomento da lectura e co desenvolvemento do Proxecto lector de centro, así como outras actuacións relacionadas con proxectos e programas nos que está inmerso o centro e criterios e procedementos de avaliación.

B) CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O IES de Quiroga na actualidade conta con algo menos dun cento de alumnos/as, procedentes dos concellos de Quiroga e Ribas do Sil. Impártense nas súas instalacións as ensinanzas correspondentes á ESO e ao BAC, habendo un único grupo clase en cada curso. O profesorado está composto por 24 persoas, e dúas delas non están a tempo completo (a profesora de Relixión comparte horario co CPI Poeta Uxío Novoneyra, no Courel; e praza do Departamento de Orientación ten horas de atención nos dous centros de primaria adscritos: o CEIP de Quiroga e o CEIP de San Clodio).

En xeral, as instalacións do centro están en boas condicións e resultan operativas; os espazos nas aulas e outros locais son bastante amplos, xa que foi un centro de dobre vía e agora non o é. Iso non quere dicir que as dotacións sexan excesivas, senón máis ben que se axustan ao necesario para o día a día grazas ao bo aproveitamento dos recursos e á actualización que se fai periodicamente deles.

C) CARACTERÍSTICAS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

No primeiro tramo do corredor da planta baixa do centro, sitúase a biblioteca, un local independente destinado en exclusiva a tal fin. O seu espazo distribúese cunha sala de lectura (ocupa a maior parte do espazo dispoñible), rodeada por tres paredes con estanterías nas que está disposta a colección documental; ademais hai un lateral con fiestras cara o patio exterior, onde se sitúan os postos de acceso á rede e outras dotacións.

A nosa biblioteca escolar resulta bastante axeitada para a cantidade de alumnado que hai na actualidade no centro, debido a unha serie de modificacións realizadas recentemente, grazas en grande parte á inclusión deste IES no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) no curso 2014-2015 (e á súa continuidade no devandito programa).

A zona de lectura presenta unha subdivisión: por unha parte está o espazo destinado ao traballo individual ou en grupo (seis mesas grandes con capacidade para 30 persoas), e pola outra, a zona de lectura informal (cinco persoas) con sillóns e unha mesiña de apoio; ademais hai seis postos informáticos con acceso a Internet e coa posibilidade de reproducir documentos audiovisuais. A dotación de novas tecnoloxías complétase cun canón proxector e a súa correspondente pantalla (retráctil) e con outros dous ordenadores, un deles conectado ao canón, que ten limitado o seu uso ao profesorado que imparte algunha clase nas instalacións da biblioteca, e o ordenador onde se realiza a xestión dos fondos da biblioteca, onde está instalado o MEIGA. Tamén hai dúas impresoras, conectadas cada unha a un destes ordenadores de uso restrinxido.

Os fondos documentais, como xa se indicou, están dispostos ao redor da sala de lectura, en andeis de acceso libre, que, por mor do proceso de cambio de etiquetas e recatalogación que se está facendo, contan cunha sinalización provisional.

O espazo libre nos andeis é insuficiente, polo que foi necesario realizar un expurgo considerable recentemente (no curso 2014-2015) e haberá que revisar con frecuencia os distintos materiais para manter actualizado o fondo documental. Tamén se habilitou un depósito nos armarios do corredor do primeiro andar, situados no tramo inmediato á Sala do Profesorado (destinado ás obras que contan con máis exemplares) e varias coleccións de obras de consulta e referencia (agora non son de uso habitual) foron aloxadas en andeis destinados a tal efecto na Sala de Audiovisuais, que se atopa xusto enfrente da Biblioteca, ao outro lado do corredor da planta baixa.

Ademais diso existen seccións externas, como a situada na zona de acceso, dirixida ás familias, e os Bancos de Libros nas aulas da ESO. Habitualmente hai exemplares localizados no exterior da biblioteca, en distintos expositores situados nas inmediacións: serven para visibilizar as novidades e tamén para realizar exposicións temáticas aproveitando os fondos documentais existentes.

No que se refire á organización da colección, agora mesmo supera os 8200 volumes no MEIGA, aínda que algúns deles foron dados de baixa no devandito expurgo, ao estaren obsoletos e non resultar de proveito para os usuarios e usuarias da biblioteca.

Os fondos están catalogados -con distintos niveis de detalle- e estase realizando o cambio dun sistema numérico opaco ao sistema mixto da CDU universal (número correspondente ao bloque de contido, e tres primeiras letras do primeiro apelido do autor/a, tres primeiras letras do título).

A colección conta con obras de referencia, libros de consulta, enciclopedias, dicionarios, obras de ficción (libros de literatura clásica e contemporánea, obras xuvenís, cómic, poesía...) e materiais documentais (non ficción), así con outros documentos destinados a cubrir as necesidades concretas de cada área curricular.

En xeral os fondos están en bo estado de conservación, con algunhas excepcións de obras con maior uso que se repoñen con certa frecuencia (dicionarios e libros de ficción que son obras de lectura habitual en certas materias, por exemplo).

Aínda que hai materiais audiovisuais e mesmo en soporte dixital, son os menos. Un dos obxectivos prioritarios é incrementar este tipo de documentos, para ter maior variedade a manter a biblioteca actualizada e facela atractiva para os usuarios/as que os demandan. Ata o de agora, non están catalogados sistematicamente, polo que non se fai préstamo regular deses materiais; mudar isto tamén é un obxectivo a curto prazo, ao supor unha fonte informativa relevante e contribuír á diversificación de formatos aos que se podería acceder.

Os fondos actualízanse todos os anos, a través das adquisicións dos distintos departamentos e da partida específica destinada a tal fin nos orzamentos do centro. Neste sentido, hai que dicir que os últimos dous anos se aproveitou a dotación do PLAMBE correspondente para ampliar e actualizar os fondos, creando ata novas seccións como a de cómic/novela gráfica/libros ilustrados ou a destinada ás familias.

No referente ás publicacións periódicas, a biblioteca está subscrita a catro: a dous periódicos do ámbito galego ("El Progreso" e "La Voz de Galicia"), á revista National Geographic (de periodicidade mensual) e ao semanario "Sermos Galiza"; por outra parte, tamén se adquiren con regularidade os exemplares da publicación local "O Sil" (tamén de periodicidade mensual).

O préstamo xestiónase, polo xeral, a través do MEIGA (excepción feita dos libros procedentes doutras bibliotecas que non admiten tal procedemento e dos materiais audiovisuais que non están catalogados: nestes casos faise un rexistro de préstamo manual).

Pódese acceder ao catálogo MEIGA do centro dende o [blog da biblioteca](#), e tamén ao catálogo da biblioteca municipal. Ademais hai unha sección na páxina web onde tamén hai información relativa ás novidades, recomendación de lecturas e actividades de formación documental. Tamén se elaboran boletíns trimestrais que inclúen información sobre as últimas adquisicións, as actividades xeradas dende a biblioteca (feitas e previstas) e as propostas do Club de Lectura Libromanía, etc.

No que se refire ao sistema de funcionamento habitual, o horario de apertura da biblioteca varía en cada curso académico concreto, dependendo da dispoñibilidade horaria do profesorado colaborador, e das necesidades do centro, pero sempre se mantén aberto nos dous recreos, para

poder atender as demandas do alumnado e facer o servizo de préstamo. Tamén é fixo que permaneza aberta dúas horas os mércores pola tarde, en horario extraescolar. O horario real da biblioteca cada curso queda recollido no Plan Anual de Lectura, así como outras informacións que teñen que actualizarse ano a ano, por seren susceptibles de modificacións puntuais.

A persoa coordinadora da biblioteca ten horas de dedicación en horario escolar e, a maiores, o profesorado que forma parte do Equipo da Biblioteca, completa o seu horario con algunhas gardas con tarefas asignadas. Nestes tempos realízanse funcións como a catalogación e rexistro dos fondos de nova adquisición; a recatalogación, reetiquetado e recolocación dos fondos existentes para adaptalos á CDU universal; o mantemento das instalacións e a revisión do correcto funcionamento de todos os recursos dispoñibles; o deseño de actividades de dinamización da biblioteca e da lectura; a elaboración de materiais para a formación de usuarios/as e a difusión dos fondos existentes...

Todas estas tarefas e outras relacionadas co fomento da lectura e a dinamización da biblioteca contaron os últimos anos cun apoio engadido, xa que a maioría do profesorado pertencente ao Equipo da Biblioteca participou en distintas actividades de formación do CAFI en relación con este ámbito, e, concretamente, nun Grupo de Traballo, dirixido pola propia coordinadora da biblioteca.

No curso 2015-2016 a vontade da dirección do centro e as condicións horarias do profesorado colaborador fixeron posible que houbera unha hora de coordinación do equipo de biblioteca, o que resultou moi útil a nivel de organización. Tamén neste último ano se ofertou ao alumnado de 1º ESO a materia de libre configuración "Investigación e Tratamento da Información", e preténdese mantela en oferta nos vindeiros anos; ademais vaise ofertar tamén "Iniciación á Informática"; as dúas complementáanse e inscribíense nunha liña de actuación derivada da participación nos Contratos Programa, co obxectivo de favorecer a adquisición das Competencias Clave, máis concretamente a Competencia en Comunicación Lingüística e a Competencia Matemática e Científico Tecnolóxica.

Coa biblioteca do noso centro colaboran estreitamente tanto no deseño de actividades como na organización das mesmas, ademais do Equipo Directivo, o Departamento de Orientación e o EDNL.

No que se refire ao fomento da lectura, no curso 2012-2013 comezou a actividade do Club de Lectura (que ten unha sección de adultos e unha de alumnado); 2013-2014 instaurouse a Hora de Ler (tres períodos de 20 minutos semanais que van rotando ao longo do curso) e establecéronse Bancos de Libros nas aulas da ESO, para contar con materiais de lectura e de consulta básica accesibles en calquera momento. A conmemoración de determinadas datas significativas (Día de Rosalía, Día do Libro, Día das Letras, Día das Bibliotecas, Día da Ilustración, Día da Non Violencia, Día da Muller...) tamén forma parte da liña de traballo da biblioteca, en colaboración con

outros Departamentos e coa Vicedirección: permite tanto xerar actividades lúdicas como potenciar a formación documental coa realización de traballos de investigación de diverso tipo, por exemplo.

Precisamente en canto ás propostas referidas á formación documental, estes últimos anos realizáronse sesións específicas nas horas de titorías da ESO, e ofértanse materias de libre configuración como ITI e "Iniciación á Informática" (como xa se dixo con anterioridade); antes, aproveitábase tamén a materia de Proxecto Interdisciplinar de 1º da ESO nesta liña de traballo. Na actualidade empezou a utilizarse a sección da biblioteca na páxina web como lanzadeira para actividades de formación documental e alfabetización informacional, con pequenas propostas temáticas. Hai moito que facer aínda neste aspecto, que é un dos máis relevantes en relación co que debe ser un verdadeiro plan xeral de promoción da lectoescritura, ou sexa, o Proxecto Lector.

No referente á normativa que regula o funcionamento da biblioteca, hai que ter en conta, por unha parte, as normas básicas de funcionamento da mesma que aparecen recollidas nas Normas Orgánicas de Funcionamento (NOF). Cítanse a continuación:

- 1) A persoa responsable da biblioteca no centro será a encargada de asegurar o rexistro, xestión, administración e control do material existente na mesma. Dita profesora ou profesor será a encargada de darlle instrucións ao resto do profesorado para o mantemento adecuado da mesma. Ao inicio do curso, colocarse nun lugar visible o horario da biblioteca así como as profesoras ou profesores de garda de biblioteca en cada momento.
- 2) Os préstamos serán por un máximo de quince días. Non libros susceptibles de ser prestados non se inclúen os de consulta como enciclopedias, dicionarios ou atlas. A non devolución dará lugar á imposición das posibles sancións contempladas neste regulamento.
- 3) O alumnado estará sempre acompañado por unha profesora ou profesor que será responsable do uso correcto do equipamento da biblioteca.
- 4) Os ordenadores da biblioteca serán usados unicamente para consulta e realización de traballos.
- 5) Para a impresión de traballos débese comunicar previamente á profesora ou profesor que nese momento se atope na biblioteca.

Aínda que non está recollido explicitamente no NOF, durante o horario lectivo priorízase o uso da biblioteca como aula de docencia, tentando así optimizar o aproveitamento dos seus recursos, tanto tecnolóxicos como de material bibliográfico e ampliar a súa funcionalidade.

Por outra parte, as normas específicas de funcionamento da biblioteca, aplicables a todos/as, establecidas polo grupo de traballo da biblioteca no curso 2014-2015, son:

1. Axuda a crear un ambiente agradable, lembra que hai outras persoas contigo na biblioteca. Modera o ruído.
2. Entra e sae da biblioteca sen molestar.
3. Mantén as instalacións limpas e coidadas e respecta os materiais. Son do instituto, pero tamén son teus.
4. Non está permitido comer nin beber na biblioteca.
5. Cando remates devolve o material empregado ao seu lugar. Se non es quen, pregunta á persoa encargada.

Tamén a normativa referida á utilización dos medios técnicos dispoñibles no espazo da biblioteca que se cita a continuación foi establecida polo grupo de traballo da biblioteca, no curso 2015-2016:

1. **Hai que anotarse no libro de rexistro**, indicando nome, número do ordenador, hora e profesor presente na biblioteca.
2. O número máximo de usuarios por posto de traballo será de dúas persoas.
3. Por razóns organizativas poderase limitar parcial ou totalmente o emprego diario dos ordenadores.
4. O emprego dos ordenadores **para realizar traballos ou consultas ten total preferencia** sobre outros usos lúdicos.
5. Non se poderá acceder a páxinas web con contidos pornográficos, racistas, xenófobos, sexistas ou violentos.
6. **Non se poderá instalar nos ordenadores ningún tipo de programa** ou aplicación, así como tampouco se poderá facer ningunha descarga non autorizada.
7. **Ningún usuario debe tratar de solucionar problemas nos dispositivos** ou recursos informáticos, so debe reportalo ao encargado. O usuario faise responsable dos danos que puidera ocasionar ao equipo por un emprego indebido do mesmo.
8. Cando se remate de usar un equipo, **hai que apagalo correctamente**, agardando a que apague totalmente antes de baixar a tapa. Os auriculares deben quedar recollidos e colocados sobre o ordenador.
9. Estas normas poderán variar para adaptarse a actividades programadas polo equipo da biblioteca ou por razóns de organización do centro.
10. O incumprimento de algunha destas normas, así como o emprego indebido dos equipos por parte dalgún usuario poderá supor a expulsión da biblioteca, ou a adopción das medidas correctivas pertinentes.

D) ANÁLISE DOS LOGROS E DIFICULTADES EXISTENTES

Aínda que os últimos anos houbo unha serie de modificacións significativas no que se refire a promoción da lectoescritura no noso centro -a maioría deles derivados da inclusión no PLAMBE-, aínda queda moito por facer; foron cambios puntuais cos que se pretendía crear unhas condicións que favorecesen o desenvolvemento dun plan integral para a promoción da lectoescritura; isto é un proceso moito máis lento que require unha organización e planificación moito maior, así como unha actuación consensuada por parte do claustro, polo que levará un tempo deseñala e materializala. Este proxecto enténdese como o punto de partida para o todo ese traballo posterior.

En xeral, obsérvase un desenvolvemento da lectoescritura moi mellorable, non tanto polas cualificacións académicas (que ás veces son o resultado de procesos mecánicos de memorización) como pola actividade diaria na aula; por unha parte, falta a lectura entendida como forma de acceso ao coñecemento e como alternativa para o tempo de lecer, e por outra, a expresión escrita tamén presenta certas deficiencias (ortográficas, por suposto, pero tamén discursivas e estruturais).

Tamén se aprecia, polo xeral, o emprego escaso (e mesmo o non emprego) de procesos de reelaboración personal e propia da información, de datos obtidos por distintos medios; a isto hai que engadir a excesiva tendencia a limitar as consultas ao emprego dunha única fonte informativa (wikipedia na rede, por exemplo), sen contrastar nen buscar outras fontes alternativas.

No que se refire ao nivel léxico, a gran maioría do noso alumnado presenta un vocabulario escaso e bastante pobre e non amosa moito interese por ampliálo (obviando a consulta de dicionarios, non tomando nota cando aparecen palabras novas de significado descoñecido, etc).

A comprensión lectora é certamente mellorable, e supón un problema na aprendizaxe, porque non hai unha lectura "comprensiva": os rapaces rapazas resollen cuestións directas sobre o contido dun texto pero teñen problemas para extraer información indirecta (ler "entre liñas"), para expresar unha opinión persoal ao respecto do tema dun texto/discurso (cun mínimo de coherencia) e para relacionar eses datos con outros previos (e máis se pertencen a distintos ámbitos de coñecemento).

Dalgún xeito, esta interpretación literal dos textos ten que ver co hábito de memorizar de xeito literal tamén, sen facer uso acotío de técnicas de traballo como a síntese ou os esquemas.

Por outra parte, apréciase, ademais, un certo desinterese polas linguas e os procesos cognitivos derivados, xa que hai unha mestura recorrente do galego e do castelán (froito dunha actitude moi despreocupada ao respecto); lonxe de percibir a magnífica ferramenta que as linguas supoñen para o acceso ao coñecemento e para a creatividade, enténdenas como unhas materias que se estudan para aprobar. É dicir, non se interesan polas posibilidades que lles ofrecen, senón polo obstáculo que poden supor no caso de non superar os mínimos esixibles nalgunha delas.

Tamén no ámbito lingüístico, obsérvase que a mala ortografía e mesmo as grafoloxías pouco comprensibles son aspectos moi presentes tamén no día a día dunha grande parte do noso alumnado. Ese mesmo desinterese pola expresión escrita apréciase tamén na expresión oral, que, como é ben sabido, se traballa moito menos nas aulas e, consecuentemente, é menos tida en conta para a avaliación das materias, polo que aínda lles preocupa menos (non vai ser un obstáculo académico).

No que respecta á lectura, aproximadamente, o 80% das obras lidas das que se ten constancia (datos en relación co préstamo da biblioteca) sono por obriga, xeralmente impostas nas materias de linguas; salvo excepcións, non hai verdadeiro hábito lector por iniciativa propia, e tampouco se contempla a lectura como fórmula de aprendizaxe en relación cun tema ou cos aspectos dun tema.

Todo isto hai que contextualizalo no marco da sociedade actual, moi virada cara o tecnolóxico, onde predomina o formato audiovisual (interpretalo tamén supón competencia lectora, por suposto, pero o feito é que rexeitan outros formatos e non sempre aproveitan todos os niveis de interpretación sígmica presente na combinación de texto e imaxes). No que se refire ao ámbito discursivo aínda se perciben outros problemas derivados deste contexto de predominio dos "media": a tendencia ao fragmentarismo (non hai continuidade na expresión) e a saturación informativa, que obriga a desconectar dese ruído permanente de datos, hábito que se mantén despois nas aulas.

Curiosamente, en canto ao uso das TICs obsérvase un desequilibrio enorme entre o abuso de certas tecnoloxías (o móbil) e o descoñecemento case absoluto doutras verdadeiramente útiles para a aprendizaxe: aínda que hai sempre excepción entre o alumnado, a maior parte non sabe utilizar ferramentas básicas como un procesador de textos ou facer unha busca en rede con fiabilidade.

Vista esta recua de observacións, son facilmente identificables certas dificultades: a demanda de inmediatez absoluta non casa ben con adicar o tempo necesario para realizar unha lectura comprensiva ou elaborar un material propio (ben sexa síntese, redacción ou creación); o devandito desinterese por aspectos lingüísticos e literarios –e mesmo culturais- non favorece en absoluto o desenvolvemento da lectoescritura; ademais, en canto á praxe didáctica, tamén hai un trato desigual en distintos ámbitos curriculares (segundo o/a docente, esíxense uns mínimos comprensivos e expresivos ou non), ao que hai que engadir o xa tradicional problema da identificación das cuestións relativas á lectoescritura con dous departamentos (o de Lingua Castelá e o de Lingua Galega).

Porén, o maior problema probablemente sexa que ata o de agorn non existiu unha planificación xeral nin un enfoque común das estratexias no que respecta á lectoescritura. Como xa se expuxo, está en activo a Hora de Ler (habería que analizar ben ata que punto é operativa) e a práctica totalidade dos departamentos didácticos establecen propostas de lecturas -os itinerarios lectores-, pero non se foi máis aló en canto á coordinación de actuacións entre o distintos ámbitos de estudo.

As propostas de lecturas, por outra parte, moitas veces remantan sendo unha simple listaxe en papel, que non se pon en relación coa actividade diaria nas aulas; ademais, en xeral, parten dunha concepción da lectoescritura limitadísima, xa que só ofrecen como referencias libros: non inclúen publicacións de interese (físicas ou dixitais), nin enlaces a páxinas recomendadas, documentais ou películas, composicións musicais ou outros produtos culturais diversos, como sería desexable.

Tampouco abundan moito as actividades de fomento da lectoescritura de carácter lúdico, e aínda menos traballadas interdisciplinarmente; a maior parte das veces a comprensión lectora utilízase só como unha ferramenta de traballo puntual, moi dirixida polo profesor/a (resólvense as cuestións antes de que eles/as cheguen a ter as súas propias solucións, sexan erradas ou certas: isto favorece a pasividade do alumnado a este respecto).

Seguramente sería recomendable que a maioría do profesorado participase nalgunha actividade de formación en relación coa promoción da lectoescritura, para coñecer outras estratexias ao respecto e tamén para descubrir máis posibilidades que pode ofrecer ao seu ámbito no día a día.

Por outra parte, todos e todas deberíamos tomar conciencia de que se a maioría do alumnado non consegue desenvolver o suficiente as competencias clave, non ten ningún sentido ter impartido a totalidade da programación de X materia/s.

Se focalizamos a atención nos aspectos que foron mellorando nestes últimos anos no noso IES en canto á promoción da lectoescritura, atópanse logros como a implantación da Hora de Ler (aínda tendo en conta que non está de todo claro cal é o verdadeiro nivel aplicación) e creación dos Bancos de Libros nas aulas da ESO, posto que ambos supoñen as bases para a creación dun tempo adicado á lectura e dun espazo lector con materiais diversos dispoñibles en calquera momento.

A actividade desenvolvida polo Club de Lectura a prol da dinamización da lectura -ás veces tamén da escritura con obradoiros de creación literaria, por exemplo- resulta moi importante, e, aínda que só participa regularmente unha porcentaxe do alumnado (case o 20% do total), a maioría dos rapaces e rapazas e unha boa parte do profesorado, colabora activamente en propostas puntuais.

Grazas á **entrada no PLAMBE** creouse un equipo de biblioteca estable os últimos anos, cun alto nivel de implicación, mesmo participando en diversas actividades de formación como o Grupo de Traballo do CAFI); trátase, ademais dun grupo interdisciplinar (con profesorado de ámbitos diversos) e conta cunha hora de coordinación cando a dispoñibilidade horaria e outros aspectos relativos á organización do centro o permiten.

Tamén houbo outros cambios positivos derivados da inclusión no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares, como a modificación do sistema de catalogación (aínda cos trastornos que supón o paso dun ao outro), a axilización na xestión, as melloras no aspecto físico e na dotación de fondos e de

recursos da biblioteca, a creación dunha partida orzamentaria específica, a creación do blog da biblioteca e a difusión en rede tamén a través da sección da páxina web, a elaboración dun plano-guía e dun folleto explicativo, así como a creación dun boletín trimestral que se envía ás familias, o establecemento de espazos físicos próximos á biblioteca como zonas de exposición e de información (o "muro"), a organización de numerosas actividades ao longo do curso...

A todo isto sumouse, no curso 2015-2016, implantación de ITI como materia de libre configuración e previsión da implantación doutra materia na liña da formación para a lectoescritura, como é o caso "Iniciación á Informática"; as dúas ofértanse nos cursos inferiores da ESO.

OBXECTIVOS E ESTRATEXIAS

Tras analizar a situación de partida, establecéronse como prioritarios os seguintes obxectivos:

- Fomentar o hábito lector como fonte de coñecemento e como actividade lúdica para o lecer.
- Apoiar a adquisición das competencias clave e a formación integral do alumnado.
- Dinamizar a actividade do centro a partir das actividades complementarias e ofrecer alternativas para o tempo de lecer.
- Formar lectores/as autónomos/as e competentes, que sexan quen de manexar ben distintos soportes e diversos formatos documentais.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar, integrándoa na práctica docente e convertíndoa nun centro de recursos informativos.
- Promover actividades de escritura, no ámbito curricular e tamén no ámbito da creatividade.
- Promover o interese polo coñecemento e a actitude crítica ante a información.
- Aumentar a motivación do alumnado cara a aprendizaxe e a formación en distintos ámbitos
- Continuar coa centralización da xestión dos fondos documentais dispoñibles e difundir os recursos existentes entre a comunidade educativa.
- Compensar as desigualdades en canto ao acceso aos recursos por parte do alumnado
- Contribuír á formación integral do alumnado e favorecer a interdisciplinidade curricular
- Contemplan á totalidade da comunidade educativa como axente e destinatario deste proxecto
- Integrar no currículo actuacións diversas e interdisciplinares de fomento da lectoescritura
- Colaborar con outras bibliotecas, centros educativos e/ou institucións para realizar actividades conxuntas
- Diversificar as propostas de actividades lúdicas e formativas feitas dende a biblioteca

Para lograr estos obxectivos, utilizaranse unha serie de estratexias:

- Colaboración con outros centros educativos e/ou institucións para a realización de actividades conxuntas.
- Formación do claustro no funcionamento da biblioteca.
- Elaboración de actividades diversas con carácter lúdico e formativo (crucigramas, por ex)
- Ensinanza explícita de extratexias de comprensión lectora, organización da información, etc.
- Dinamización dos tempos de lecer e oferta de actividades culturais
- Fomento da asistencia a actividades extraescolares (obras de teatro, recitais, visitas a bibliotecas e museos, concertos...) e colaboración nas actividades complementarias
- Establecemento de relación entre a lectoescritura e os distintos proxectos e programas nos que participa o centro.
- Oferta de materias de libre configuración que potencien melloras na lectoescritura
- Aproveitamento das horas de titoría para traballar aspectos relacionados coa lectoescritura
- Integración da promoción da lectoescritura nas actuacións dinamizadoras de todos os ámbitos do centro, especialmente as deseñadas pola vicedirección, o EDNL e o Dpto de Orientación.
- Emprego habitual dos medios dixitais do centro para realizar consultas en rede (blog da biblioteca, blog do Club de Lectura, páxina web)
- Ampliación do ámbito de actuación do Club de Lectura, tanto no que se refire ao alumnado como aos adultos/as (con especial atención ás familias)
- Integración da AMPA e da comunidade educativa nas propostas desta liña de actuación

ACTUACIÓNS PROPOSTAS

Finalmente, para desenvolver a lectoescritura, dende o IES de Quiroga propóñense actividades concretas, tanto no que se refire ao fomento da lectura como no referente á formación documental. Algunhas delas cítanse a continuación:

a) fomento da lectura

- Manter en activo e potenciar o Banco de Libros, a Hora de Ler, o Club de Lectura
- Conmemorar datas vencelladas á lectura ou á cultura (Día das Bibliotecas, Día da Ilustración, Día da Poesía, Día do Libro, Día das Letras)

- Colaborar con EDNL na elaboración de materiais en galego, nas súas actividades específicas e no deseño de actividades conxuntas (especialmente en relación co Día de Rosalía, o Día das Artes Galegas, o Día da Ciencia en galego e o Día das Letras).
- Continuar coa elaboración de boletíns informativos da biblioteca (de carácter trimestral)
- Organizar recitais poéticos, representacións teatrais de obras, interpretación de monólogos, e outras actividades artísticas para o alumnado e/ou a comunidade educativa.
- Realizar propostas lúdicas a partir dalgunha obra literaria (facer ilustracións, por exemplo)
- Convocar concursos literarios e creativos varios, difundíndoos e fomentando a participación neles e noutros que se consideren de interese.
- Elaborar materiais específicos de distintas áreas para seren empregados na Hora de Ler
- Elaboración de listaxes de obras recomendadas x materias/ámbitos, ect (recollidas no PEC?)
- Diversificación das propostas (tanto en formato como en contidos) incluídas nos itinerarios lectores dos distintos departamentos, e adecuación ao nivel correspondente
- Coordinación interdepartamental en canto ás propostas de lectura e de actividades complementarias e extraescolares, para facelas significativas e interdisciplinares

b) formación documental, alfabetización múltiple

- actualización de materiais e ampliación/creación de seccións da biblioteca (cómic, coeducación e igualdade, familias...), relacionadas cos proxectos e programas nos que participe o centro educativo
- realización de exposicións monográficas temporais de fondos da biblioteca ou outro tipo de materiais documentais
- creación de repositorios en rede con referencias e propostas variadas nos distintos ámbitos
- propostas concretas da participación activa do alumnado nos medios dixitais do centro (blogs, páxina web...)
- elaboración dunha revista do centro a partir de traballos de distintos membros da comunidade educativa, nomeadamente rapaces/as
- emprego de todos os espazos posibles do centro como fontes informativas, especialmente os corredores, con presenza de murais, carteis e exposicións temporais
- propostas concretas de participación activa do alumnado nos taboleiros informativos habilitados en distintas zonas dos corredores

- elaboración de tarefas específicas de alfabetización informacional e dixital nas titorías, aproveitando as aulas Abalar e outros recursos dispoñibles

AVALIACIÓN

Este proxecto é unha ferramenta para poñer a andar unha planificación organizada e consensuada pola maioría dos axentes implicados na mellora da lectoescritura. Considérase que a súa marxe de validez non debe superar os catro anos, aínda que é probable que sexa necesario incorporar certas actualizacións durante ese tempo (a maiores da especificidade que supón a elaboración do PAL), en relación con acordos aos que che vaia chegando a través das propostas da CCP e do claustro.

Hai que ter en conta que neste caso non se fixo unha modificación do Proxecto Lector anterior (absolutamente obsoleto, posiblemente de 2008), senón a creación provisional dunha nova proposta, minimamente actualizada en canto á situación de partida, pero que deberá ser revisada por todo o profesorado con vagar en canto aos obxectivos, estratexias e actividades propostas, para logo crear un proxecto verdadeiramente de todos/as.

No referente á avaliación do proceso da lectoescritura, propóñense os seguintes criterios e instrumentos, tamén con certa provisionalidade e tendo sempre en conta que o as melloras neste ámbito tenden a non manifestarse inmediatamente, senón de xeito moi difuminado no tempo:

a) Criterios de avaliación (máis ben indicadores de progreso)

- Aumento no interese pola lectura no alumnado (como fonte de lecer e para a aprendizaxe), entendido como aumento na realización de lecturas non obrigadas

- Nivel de complexidade das lecturas realizadas polo alumnado voluntariamente

- Nivel de competencia na interpretación de textos/discursos de distinto tipo

- Nivel de competencia no manexo da información

- Nivel de competencia no uso oral e escrito das linguas en calquera ámbito

b) Instrumentos de avaliación

- Estatísticas de préstamo da biblioteca e de preferencias dos usuarios/as

- Enquisa sobre hábitos lectores do alumnado, do profesorado e das familias

- Enquisa ao profesorado sobre a competencia lectora do alumnado

- Nivel de desenvolvemento da competencias clave, con especial atención á Competencia en Comunicación Lingüística, á Competencia Dixital e á Competencia para Aprender a Aprender.